

Programa de atención perinatal para nais en situación de vulnerabilidade social



A CORUÑA

Avda. de Cádiz 5, 2º Esq.
Edificio A Milagrosa

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edificio Docente Novoa Santos
(entrada contigua á porta
principal do CHUS).



604 02 41 37



prenatal.t1@meninos.org



VIGO

Centro de Saúde San Paio de
Navia, Camiño Poza Cabalo s/n,
Vigo (Pontevedra)



604 06 90 22



prenatal.t2@meninos.org



OURENSE

Rúa Progreso 5, Oficina 6



604 01 86 60



prenatal.t3@meninos.org



LUGO

Avenida da Coruña 40, 1º



604 07 37 34



prenatal.t4@meninos.org

ENTIDADES COLABORADORAS

Un programa da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa USC, co SERGAS e coa Fundación "la Caixa".

Desenvolve:



Colaboran:



Ilustracións: Leandro Lamas



Que é?

Trátase dun servizo de apoio psicosocial a mulleres embarazadas e nais con bebés menores de 18 meses en situación de vulnerabilidade social.

1) Promovemos unha experiencia de maternidade saudable, baseada no apoio á nova relación que vai xurdir e na información sobre prácticas de coidados axeitadas para que se produza un vínculo materno-filial san.

2) Acompañamos as mulleres nesta etapa importante da súa vida no desenvolvemento dun diálogo sintónico coas necesidades dos seus fillos e fillas desde o embarazo ata o ano e medio de vida.

3) A intervención temperá coa díade nai-bebé é un factor de prevención e promoción da saúde integral de ambos e da conduta psicosocial infantil futura.

Destinatarias

O programa é de carácter **VOLUNTARIO** e está dirixido a aquelas mulleres embarazadas nas que se detecte algún dos seguintes factores de vulnerabilidade:

- ✓ Ámbito familiar sometido a situacións de alto estrés (falta de apoios, situación económica precaria, desemprego de longa duración...).
- ✓ Consumo de drogas ou condutas antisociais e delituosas.
- ✓ Dificultades emocionais relacionadas co embarazo ou a crianza.
- ✓ Experiencia de malos tratos na infancia.
- ✓ Problemas de saúde mental.
- ✓ Expediente aberto en protección de menores doutros fillos e fillas.
- ✓ Embarazo adolescente.
- ✓ Illamento social e marxinación.

Obxectivos

- Xerar un espazo de coidado para as mulleres embarazadas que axude a rebaixar os niveis de estrés.
- Facilitar a creación das condicións prenatais e de posparto axeitadas para que se produza un vínculo afectivo san co bebé.
- Promover na nai a toma de conciencia da necesidade dun ámbito familiar suficientemente bo.
- Previr e detectar posibles problemas emocionais e de desenvolvemento nos nenos e nenas.

Metodoloxía

- Obradoiros en grupo durante o embarazo para traballar o vínculo co bebé e a creación dunha rede de apoio (con profesionais implicados e entre nais).
- Apoio psicolóxico individualizado e en grupos.
- Apoio nos coidados sintónicos do bebé que acaba de nacer.
- Obradoiros en grupo durante o primeiro ano de crianza para promover a resiliencia marental e o bo trato.
- Información sobre outras canles de apoio e orientación para a inserción social e laboral.

